

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA XUNTA
DE FACULTADE, DAS COMISIÓNS DELEGADAS E
DOUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS DA
FACULTADE DE DEREITO

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA XUNTA DE FACULTADE, DAS COMISIÓNS DELEGADAS E DOUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS DA FACULTADE DE DEREITO

Recóllese neste regulamento as normas que rexen a organización e o funcionamento dos órganos colexiados da Facultade de Dereito. Ao final do articulado, como anexos I e II aparece a regulación dos órganos de coordinación para os efectos da garantía da calidade dos títulos oficiais que compartimos coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

Título I. Da Xunta de Facultade.

Título II. Das comisións delegadas e outros órganos colexiados da facultade.

Capítulo I. Normas xerais.

Capítulo II. Comisións delegadas da Xunta de Facultade.

Sección 1.ª Da Comisión Permanente da Xunta de Facultade.

Sección 2.ª Da Comisión de Recoñecementos e Validacións.

Capítulo III. Outros órganos da Facultade de Dereito.

Sección 1.ª Da Comisión de Calidade.

Sección 2.ª Das comisións académicas dos mestrados.

Título III. Da reforma do Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade.

Disposicións adicionais.

Disposición final.

Anexos.

Anexo I. Órganos mixtos de coordinación para os efectos da garantía da calidade das Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Anexo II. Órganos mixtos de coordinación para os efectos da garantía da calidade dos Programas Conxuntos de Estudos Oficiais de Grao.

TÍTULO I. DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 1. Composición e funcións da Xunta de Facultade

A xunta de centro é o órgano colexiado de representación e de decisión do centro. Está composta pola decana ou decano, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros adscritos ao centro:

- a) Todo o PDI-A.
- b) Unha representación do PDI-B.
- c) Unha representación do alumnado.
- d) Unha representación do persoal de administración e servizos.

O conxunto dos membros natos e electos deberá respectar de forma aproximada as seguintes porcentaxes de repartición: 51 % o PDI-A, 29 % o estudantado, 10 % o PAS e 10 % o PDI-B.

2. A elección de decana/o e a designación de vicedecanas/os e secretaria/o da facultade rexeranse polos Estatutos da Universidade de Vigo e pola correspondente normativa para elixir decanas/os e directoras/es de centro aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo. A votación para elixir decana/o será nominal e secreta, e elixirase por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se admitirá a delegación de voto, o voto anticipado nin o voto por correo.

3. A elección de membros da Xunta de Facultade realizarase cada dous anos e rexerase polos Estatutos da Universidade de Vigo e pola correspondente normativa para elixir membros das xuntas de centro aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo. Os membros da Xunta deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se admitirá a delegación de voto, o voto anticipado nin o voto por correo.

4. Son funcións da Xunta de Facultade:

- a) Elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno e doutros regulamentos de carácter organizativo considerados necesarios.
- b) Elixir e revogar a decana ou decano.
- c) Aprobar a proposta de distribución do orzamento anual do centro e a súa execución.
- d) Implantar e seguir os plans de estudos.
- e) Coidar do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.

- f) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado, o horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, e a distribución de aulas e servizos e de ensinanzas complementarias.
- g) Habilitar medidas de control para cumprir as obrigas docentes.
- h) Distribuír os espazos que lle sexan asignados.
- i) Aprobar e executar o sistema de garantía de calidade.
- j) A xestión ordinaria das titulacións de grao, incluídas as titulacións de grao adscritas á Facultade dos programas conxuntos de estudos oficiais de grao e sen prexuízo das competencias das comisións de coordinación dos programas.
- k) Aquelas outras que se lle poidan atribuír segundo os Estatutos da Universidade de Vigo e outra normativa vixente.

Artigo 2. Convocatoria

1. A secretaria/o da facultade convocará as sesións da Xunta de Facultade por orde decanal. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria cando menos dúas veces por curso académico. Tamén se convocará cando o solicite por escrito o 25 % dos seus membros. Neste caso, os membros solicitantes deberán indicar o punto que desexan que se debata na sesión.
2. A convocatoria incluírá o día, a hora, o lugar e a orde do día da sesión.
3. Para que a convocatoria teña efecto teráselles que comunicar a todos os membros do órgano cunha antelación mínima de 48 horas. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros coa mesma antelación.
4. A convocatoria enviarase por medios telemáticos e de xeito individualizado para cada membro da Xunta de Facultade. Estes medios empregaranse de maneira exclusiva.
5. A Xunta de Facultade reunirse nas instalacións da facultade en días e horas lectivos, sen suspender as actividades docentes.

Artigo 3. Orde do día

1. A decana/o fixará a orde do día, asistido polos demais membros do equipo decanal.
2. Na orde do día das sesións ordinarias figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión ou sesións anteriores e a quenda de intervencións. Tamén se incluírán os puntos solicitados por escrito polo 25 % dos membros da Xunta de Facultade.

3. Na orde do día das sesións extraordinarias constará como punto único o tema para debater na sesión convocada.

Artigo 4. Dereito de asistencia ás sesións

1. As sesións da Xunta da Facultade estarán abertas a todos os membros da facultade. Garantirase a debida separación entre os membros do órgano e o público non pertencente á Xunta de Facultade.
2. Tras o acordo da Xunta da Facultade, poderanse convidar a que participen con voz pero sen voto nunha sesión desta a persoas da comunidade universitaria alleas ao órgano que estean interesadas en asuntos específicos e que poidan resultar afectadas por eles.
3. Non se permitirá introducir na sala onde teñan lugar as sesións ningunha clase de aparello de gravación, salvo que a Xunta de Facultade o autorice expresamente.

Artigo 5. Quórum para a válida constitución

1. A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría dos seus membros, incluídos a decana/o e a secretaria/o da facultade.
2. Na segunda convocatoria, que terá lugar media hora despois da primeira se non se establece outra cuestión na convocatoria da sesión, bastará a presenza da cuarta parte dos membros do órgano, incluídos o decano/a e o secretario/a da facultade.

Artigo 6. Mesa das sesións

1. A decana/o presidirá as sesións da Xunta de Facultade, asistido por unha mesa integrada polas vicedecanas/os e a secretaria/o da facultade.
2. A mesa interpreta o presente regulamento nos casos de dúbida ou omisión. Tamén decide sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates e calquera outra cuestión que lle encomende o presente regulamento ou que a decana/o lle consulte. As decisións adoptaranse por maioría e, no caso de empate, a decana/o decidirá co seu voto de calidade.

Artigo 7. Ordenación dos debates

1. A decana/o dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates. De acordo coa mesa, fixará un tempo de debate para cada tema e, dependendo das peticións do uso da palabra, determinarase o tempo de cada intervención.
2. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.

3. Ninguén poderá ser interrompido cando fale, salvo pola decana/o para ser chamado á orde ou para se cinguir ao tema.
4. As alusións só autorizarán , a xuízo da decana/o, para que o membro da Xunta de Facultade a quen se refiran poida responder as manifestacións sobre a súa persoa ou feitos pronunciadas durante a discusión, no prazo de tempo concedido e sen entrar no fondo da cuestión debatida.
5. En calquera estado da discusión un membro da Xunta de Facultade poderá pedir a observancia das normas legais ou regulamentarias, citando os artigos que pida que se apliquen. Non caberá ningunha discusión nin debate con este motivo e acatarase a resolución da decana/o co acordo da mesa.
6. Nos supostos de sesións demasiado longas, a decana/o, co acordo da mesa, poderá interrompela e fixar a hora para continuar o seguinte día lectivo.

Artigo 8. Disciplina das sesións

1. A decana/o vela polo mantemento da disciplina e da cortesía académica.
2. A decana/o chamará á orde os membros da Xunta de Facultade:
 - a) Cando nas súas intervencións profiran palabras groseiras ou ofensivas para os membros da Xunta de Facultade, para terceiros ou para institucións.
 - b) Cando alteren a orde dos debates con interrupcións ou de calquera outro xeito.
 - c) A decana/o, co acordo da mesa, poderá expulsar da sala o membro da Xunta de Facultade que chamen á orde tres veces na mesma sesión. Se este se negase a abandonar a sala, suspenderíase a sesión para continuala deseguido sen a súa presenza.
3. A decana/o advertirá os membros da Xunta de Facultade para que se cingan ao tema cando notoriamente estivesen fóra del, ben por disgresións alleas ao punto debatido, ben por volveren sobre o xa discutido e aprobado. Despois de dúas chamadas para se cinguir ao tema, a decana/o poderalle retirar o uso da palabra á persoa que estea a falar.
4. Logo de transcorrer o prazo concedido para intervir, o decano/a retiraralle o uso da palabra ao membro da Xunta de Facultade que estea a falar, despois de o convidar dúas veces a concluír.

Artigo 9. Réxime de adopción de acordos

1. Os acordos adoptaranse por maioría de votos, salvo que este regulamento ou unha norma de rango superior esixa unha maioría cualificada.
2. Para a válida adopción de acordos requírese a presenza no momento da votación da cuarta parte dos membros da Xunta de Facultade.
3. As votacións poden ser por asentimento, públicas e a man alzada ou nominais e secretas. Serán necesariamente secretas cando así o soliciten cinco membros da Xunta de Facultade.

Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado ou por correo.

4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta de Facultade e o asunto sexa urxente, por proposta da decana/o e co acordo da mesa, e co voto favorable da maioría.

Malia o anterior, calquera membro da Xunta de Facultade poderá presentar mocións de palabra ou por escrito que non se refiran a puntos da orde do día para que se debatan na quenda de intervencións. A secretaria/o lerá as mocións por escrito, incluso sen estar presente a persoa que as formulou, sempre que esta xustifícase debidamente a súa ausencia á sesión.

Artigo 10. Execución e publicidade dos acordos

1. É competencia da decana/o ou da vicedecana/o en quen delegue executar os acordos da Xunta de Facultade.
2. A secretaria/o da facultade notificará ou publicará os acordos nos casos e na forma previstos nas normas xerais do procedemento administrativo. Para isto, utilizarase o taboleiro oficial da facultade, sen prexuízo da súa posible difusión a través doutros taboleiros e da páxina web da facultade.
3. Cando veña esixido normativamente ou polo propio acordo, a secretaria/o da facultade comunicarlles por escrito os acordos da Xunta de Facultade aos órganos competentes da Universidade.
4. O secretario/a da facultade publicará no taboleiro oficial unha nota informativa cos acordos adoptados no seguinte día hábil da sesión da Xunta de Facultade e difundiráos por medios telemáticos.

Artigo 11. Certificacións dos acordos

1. Só darán fe dos acordos da Xunta de Facultade as certificacións expedidas pola secretaria/o da facultade.
2. As certificacións pódense emitir por:
 - a) orde do decano/a;
 - b) solicitude de órgano competente;
 - c) solicitude de calquera membro da Xunta de Facultade;
 - d) solicitude das persoas interesadas. Neste caso, as certificacións só incluírán a parte do acordo que afecte o/a solicitante.
3. As certificacións incluírán o texto íntegro do acordo e a data da sesión en que se aprobou. Nas emitidas con anterioridade á aprobación da acta da sesión respectiva farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 12. Actas

1. A secretaria/o da facultade, que exercerá a secretaría da Xunta de Facultade, redactará a acta de todas as sesións. No caso de que non puidese asistir a unha sesión, a decana/o designará un dos membros do órgano para que o/a substitúa.
2. En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:
 - a) O día, a hora e o lugar en que tivo lugar a sesión.
 - b) O carácter ordinario ou extraordinario desta.
 - c) Os/As asistentes nominalmente designados e as ausencias xustificadas.
 - d) A orde do día.
 - e) Os puntos principais das deliberacións.
 - f) O texto literal dos acordos adoptados, coa indicación do sistema de votación empregado e o resultado desta.
3. Tamén figurarán as mencións que os membros da Xunta de Facultade desexen que consten expresamente. En particular, os membros teñen dereito a que figure o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen, ou o sentido do voto favorable.
4. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que acheguen no acto ou no prazo que sinale a decana/o o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención. O texto incorporárase á acta ou xuntárase unha copia del a esta.
5. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade coas modificacións que propoñan os membros do órgano e que sexan aprobadas por este.
6. Unha vez aprobadas, a secretaria/o da facultade autorizará as minutas das sesións co visto e prace da decana/o, e transcribíranse ao libro de actas na facultade. O libro de actas poderase formar pola encadernación das minutas elaboradas por medios informáticos.
O libro de actas estará baixo a custodia da secretaría do decanato, que lle permitirá consultalo a calquera membro desta.

TÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS E OUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS DA FACULTADE

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 13. Tipos e creación

1. Ademais da Xunta de Facultade, na Facultade de Dereito existen comisións delegadas e outros órganos colexiados.
2. A Xunta de Facultade poderá crear cantas comisións delegadas estime necesarias.

3. Os acordos de creación das comisións delegadas expresarán o carácter específico ou estable destas, a súa composición e as competencias decisorias, asesoras ou de proposta e informe que a Xunta de Facultade delegue nelas.
4. A determinación e a creación doutros órganos colexiados da facultade realizarase de acordo co previsto na normativa específica que os prevexa.
5. As comisións delegadas e os demais órganos colexiados poderán aprobar o seu propio réxime de funcionamento de acordo co presente regulamento e co resto da normativa legal e regulamentaria aplicable na Universidade de Vigo. En todo caso, antes de aprobalo, a Comisión de Calidade examinará o proxecto de reforma.

Artigo 14. Composición das comisións delegadas

1. A composición das comisións delegadas respectará as mesmas porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta de Facultade. Se polo número total de membros dunha comisión algún sector non puidese obter representación, terá dereito a un/unha representante con voz pero sen voto. Os membros natos das comisións delegadas computarán dentro do sector ao que pertenzan.
 2. Só poden ser membros das comisións delegadas os membros da Xunta de Facultade.
 3. Os membros de cada sector da comunidade universitaria elixirán os membros das comisións delegadas no seo da Xunta de Facultade. Cada elector/a só poderá votar, como máximo, un número de candidatos/as equivalente ao 70 %, ou enteiro máis próximo do número de postos que o seu sector deba cubrir.
 4. A renovación dos membros electivos das comisións delegadas realizarase na primeira sesión ordinaria da Xunta de Facultade que teña lugar tras a proclamación definitiva dos resultados da elección dos representantes na Xunta de Facultade do sector da comunidade universitaria ao que pertenzan. Os membros electivos das comisións delegadas que sexan membros natos da Xunta de Facultade renovaranse na primeira sesión ordinaria da Xunta de Facultade que teña lugar tras a sesión extraordinaria convocada para elixir decano/a.
- Tamén renovará os membros electivos das comisións delegadas nos casos de finalización anticipada do mandato dalgún deles, pero a renovación só afectará o posto vacante.

Artigo 15. Composición doutros órganos colexiados

Cada un dos outros órganos colexiados da facultade terá a composición que determine este regulamento e a súa normativa específica. Neles só existirán as previsións de representatividade que esixa a súa normativa específica.

Artigo 16. Principio de presenza equilibrada de homes e mulleres

Na composición de todos os órganos colexiados tenderase a manter o principio de presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 17. Aplicación das normas da Xunta de Facultade

As normas do título I do presente regulamento aplicaranse subsidiariamente ás comisións delegadas e a outros órganos colexiados da facultade coas seguintes modificacións:

- 1.º Os presidentes/as das comisións exercerán as competencias que se lle atribúen á decana/o, e as secretarias/os das comisións as da secretaria/o da facultade.
- 2.º Os presidentes/as das comisións exercerán as funcións da mesa das sesións previstas no artigo 6 co asesoramento dos secretarios/as destas.
- 3.º As votacións realizaranse de maneira nominal e, salvo que a normativa específica aplicable determine outra cousa, será secreta sempre que o solicite calquera dos membros das comisións. Os demais dereitos e obrigas dos membros das devanditas comisións serán os correspondentes aos membros da Xunta de Facultade.
- 4.º O réxime de publicidade previsto no apartado cuarto do artigo 10 só se aplicará aos acordos adoptados polas comisións en exercicio de facultades decisorias.

Artigo 18. Comunicación dos acordos

As secretarias/os comunicaranlle os acordos das comisións delegadas e dos outros órganos colexiados á secretaria/o da facultade por escrito. Estes publicaranse no taboleiro oficial de anuncios da facultade e daráselle a publicidade complementaria que se considere oportuna en cada caso.

Artigo 19. Avocación

A Xunta de Facultade poderá acordar en calquera momento a avocación dos asuntos dos que estean a coñecer as súas comisións delegadas en uso das competencias que lles correspondan.

CAPÍTULO II. COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE*Sección 1.ª Da Comisión Permanente da Xunta de Facultade***Artigo 20. Natureza**

A Comisión Permanente é unha comisión delegada da Xunta de Facultade de carácter estable e ámbito de competencia xeral.

Artigo 21. Composición

O número de membros da Comisión Permanente decidirase por acordo da Xunta de Facultade. Formarán parte dela como membros natos a decana/o, as vicedecanas/os e a secretaria/o da facultade, que exercerá a secretaría da comisión, e o número total dos seus integrantes completarase de xeito que se respecten aproximadamente as porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta de Facultade, nos termos establecidos no artigo 14.

Artigo 22. Competencias

A Comisión Permanente poderá coñecer e decidir, sen necesidade de delegación expresa, sobre os asuntos regrados de trámite. Asumirá a xestión ordinaria da materia Traballo fin de grao, así como a resolución das dúbidas que poidan xurdir ao interpretar ou aplicar o Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito. Exercerá, asemade, cantas competencias lle delegue expresamente a Xunta de Facultade ou lle atribúan este regulamento e normas de rango superior.

Sección 2.ª Da Comisión de Recoñecementos e Validacións

Artigo 23. Natureza

A Comisión de Recoñecementos e Validacións é unha comisión delegada da Xunta de Facultade de carácter estable e con ámbito de competencia circunscrito ás validacións e adaptacións.

Artigo 24. Composición

A Xunta de Facultade decidirá o número de membros da Comisión de Recoñecementos e Validacións de xeito que se respecten aproximadamente as porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a propia Xunta de Facultade, nos termos esixidos no artigo 14 do presente regulamento.

Artigo 25. Competencias

1. A Comisión de Recoñecementos e Validacións será competente para tratar todos os asuntos que, ao seren competencia da Xunta de Facultade, estean directamente relacionados coas validacións e adaptacións.
2. Exercerá, asemade, cantas competencias da citada índole lle deleguen de forma expresa a Xunta de Centro, calquera outro órgano da facultade ou lle atribúan este regulamento ou normas de superior rango.

Artigo 26. Comunicación dos acordos

Os acordos de recoñecementos e validacións que por afectar individualmente os interesados/as deban ser obxecto de notificación non se publicarán.

CAPÍTULO III. OUTROS ÓRGANOS DA FACULTADE DE DEREITO

Sección 1.ª Da Comisión de Calidade

Artigo 27. Natureza

A Comisión de Calidade é o órgano colexiado da Facultade de Dereito, de carácter estable, nomeado pola Xunta de Centro coa representación dos distintos grupos de interese e das persoas implicadas na actividade docente das titulacións do centro, ao que lle corresponde a titularidade das competencias que lle atribúen o presente regulamento e o Manual de calidade da Facultade de Dereito.

Artigo 28. Composición

1. Na composición da Comisión de Calidade procurarase unha representación equilibrada das titulacións oficiais adscritas ao centro e paritaria entre mulleres e homes que e estará integrada polos seguintes membros:

- a) En representación do equipo decanal:
 - Decana/o.
 - Un vicedecano/a.
 - Secretaria/o da facultade.
- b) En representación das titulacións oficiais adscritas á facultade:
 - Coordinador/a de cada titulación.
 - Dous/dúas representantes do persoal docente e investigador con docencia en polo menos dous títulos adscritos á facultade.
 - Un/unha estudante de cada titulación da facultade cun plan de estudos distribuído en máis dun curso académico ou de dous semestres e que non se atope en proceso de suspensión temporal.
 - Presidente/a da delegación de estudantes ou, no seu defecto, a/o estudante elixido polas/os representantes do estudantado en Xunta de Facultade.
- c) En representación doutros grupos de interese:
 - O administrador do centro ou a/o PAS en quen delegue .
 - Un/unha representante do estudantado egresado integrado nunha asociación de antigo alumnado.
 - Un/unha representante da sociedade.

2. Poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) ou representantes de titulacións concretas, cando o seu asesoramento ou participación se estimen oportunos e así se faga constar na convocatoria.

3. O membro do persoal docente e investigador responsable da calidade no centro presidirá a comisión, e as funcións de secretaría corresponderanlle á secretaria/o da facultade.

Artigo 29. Competencias

A Comisión de Calidade reunirse polo menos unha vez ao ano no marco da revisión anual de resultados e será competente para:

- a) Propoñer a política e os obxectivos de calidade, así como garantir a súa implantación e control.
- b) Validar o manual de calidade e os procedementos do SGIC do centro.
- c) Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no centro e das titulacións adscritas e propoñer as melloras pertinentes.
- d) Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, coa finalidade de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nelas inflúen.
- e) Participar activamente nos procesos académicos relativos á oferta formativa do centro (novas titulacións, modificación das existentes ou suspensión ou extinción), mediante a elaboración dun informe valorativo se o consideran oportuno, ou é procedente de acordo coa normativa vixente.
- f) Intercambiar, debater e propoñer a participación do centro en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.
- g) Exercer, asemade, cantas competencias lle correspondan por atribución normativa ou por delegación da Xunta de Facultade.

Sección 2.^a Das comisións académicas dos mestrados

Artigo 30. Natureza, composición e competencias

Por cada mestrado oficial adscrito á facultade existirá con carácter estable unha comisión académica, coa composición e competencias sobre o título que se determine de acordo coa normativa da Universidade de Vigo sobre programas oficiais de posgrao.

TÍTULO III. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 36. Propostas de reforma

1. As propostas de reforma do Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade poden ser presentadas pola decana/o ou polo 25 % dos membros da xunta.
2. As propostas estarán articuladas e motivadas.

Artigo 37. Toma en consideración

1. As propostas de reforma do regulamento votaranse na Xunta de Facultade para tomarse en consideración. Cando sexan presentadas polo 25 % dos membros da xunta, a decana/o incluíra a cuestión como punto da orde do día da seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade que se convoque, salvo que prefira convocar de inmediato unha sesión extraordinaria do órgano.
2. Á convocatoria da sesión da Xunta de Facultade na que se vaia decidir sobre a toma en consideración dunha proposta de reforma do regulamento xuntarase o texto íntegro desta.

Artigo 38. Emendas

1. As propostas que teña en conta a Xunta de Facultade someteranse a un prazo de presentación de emendas de quince días naturais. As emendas formularanse por escrito e estarán debidamente motivadas.
2. A Comisión de Calidade analizará o texto e as emendas; despois trasladaráselle Comisión Permanente, quen elaborará un proxecto para presentar posteriormente na Xunta de Facultade.

Artigo 39. Aprobación pola Xunta de Facultade

O texto aprobado pola Comisión Delegada enviaráselle á Xunta de Facultade para que o aprobe ou o rexeite na seguinte sesión ordinaria que se convoque, ou en sesión extraordinaria convocada para este efecto. Só serán obxecto de deliberación e discusión os aspectos do regulamento que fosen previamente obxecto de emenda polas persoas interesadas e obxecto de deliberación na Comisión de Calidade e na Comisión Permanente. Para aprobarse será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros presentes na sesión.

Artigo 40. Aprobación definitiva e publicación

1. O secretario/a da facultade comunicarlles as reformas do regulamento da Xunta de Facultade aos órganos competentes da Universidade para que o aproben.

2. Unha vez aprobado definitivamente, publicarase no taboleiro oficial da facultade e, para os efectos informativos, na web da facultade publicarase o texto consolidado.

Artigo 41. Aprobación doutras normas regulamentarias

O procedemento para aprobar outras normas regulamentarias pola Xunta de Facultade axustarase ao previsto neste título, salvo que, por motivos de urxencia, a propia Xunta de Facultade xustifique abreviar prazos ou trámites.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. Substitución do decano/a e do secretario/a da facultade

A vicedecana/o exercerá as competencias atribuídas á decana/o polo presente regulamento nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Nos mesmos supostos, as competencias atribuídas á secretaria/o da facultade serán exercidas pola persoa nomeada pola decana/o para substituíla, sen prexuízo do disposto no artigo 12, apartado primeiro, para os casos en que non puidese asistir a unha sesión da Xunta da Facultade.

Segunda. Procedemento de revogación do decano/a da facultade: a moción de censura

1. A moción de censura contra a decana/o presentarase por escrito coas sinaturas de cando menos o 25% dos membros da Xunta de Facultade, e incluírá o nome da persoa que se propoña como decana/o e as persoas que se propoñen para integrar o equipo decanal.
2. Se a moción de censura reúne os requisitos anteriores, a decana/o convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para debatela no prazo máximo de quince días naturais.
3. A/O docente de máis antigüidade segundo a prelación de corpos presidirá a Xunta de Facultade. O desenvolvemento da sesión axustarase ao previsto na normativa da Universidade de Vigo para elixir decanas/os e directoras/es de centro e actuarase como se houbese dous candidatos/as a decana/o, o proposto polas persoas asinantes da moción de censura, que intervirá en primeiro lugar, e a persoa que estea a ocupar o cargo.
4. A moción de censura quedará aprobada se obtén o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. A decana/o censurado enviaralle decontado o resultado ao reitor/a para que dite a resolución de nomeamento en favor da candidata/o proposto para a súa substitución e, ata ese momento, seguirá a actuar como decana/o en funcións.

5. Se a moción de censura non acadase a maioría prevista no apartado precedente, os seus asinantes non poderán presentar outra moción de censura durante o resto do mandato decanal, nin a mesma candidata/o poderá volver ser proposto durante ese período.

Terceira. Procedemento de revogación dos vicedecanos/as e do secretario/a da facultade

A decana/o da facultade poderá destituír un ou máis membros do seu equipo, que serán revogados polo reitor/a. Asemade, o decano/a designará as novas vicedecanas/os ou a secretaria/o para o seu nomeamento reitoral.

DISPOSICIÓN FINAL

Única. Entrada en vigor

Unha vez que sexa aprobado definitivamente, este regulamento entrará en vigor o día seguinte de publicarse no taboleiro oficial da facultade

DILIXENCIA para facer constar que o presente Regulamento de Réxime Interno da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense foi modificado por acordo da Xunta de Facultade o día 19 de decembro de 2019, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o día 22 de xaneiro de 2020 e publicado no taboleiro oficial de anuncios e na páxina web da Facultade o día 23 de xaneiro de 2020.

A Secretaria
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

ANEXO I. ÓRGANOS MIXTOS DE COORDINACIÓN PARA OS EFECTOS DA GARANTÍA DA CALIDADE DAS FACULTADES DE DEREITO E DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

Normativa de composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito entre as facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo

O Grao en Dereito impártese, na Universidade de Vigo, en dous centros e en dúas cidades distintas: a Facultade de Dereito en Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo.

Consciente desta realidade, a memoria do título previu a existencia dunha comisión de coordinación entre as facultades para avaliar e adoptar decisións en relación co desenvolvemento da docencia e das actividades formativas, principalmente.

Artigo 1. Composición da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito

Compoñen a Comisión de Coordinación do Grao en Dereito as persoas que exerzan as funcións de decana/o e de coordinador/a de grao nos respectivos centros.

As decanas/os poderanlle delegar a asistencia a algunha comisión específica e este feito constará na acta da devandita comisión.

Ás reunións da comisión poderán asistir outras persoas que se considere, por común acordo, que poidan realizar achegas relevantes para os asuntos que se sometan á comisión.

Artigo 2. Convocatoria e funcionamento

A convocatoria da comisión corresponderalles ás decanas/os; procurarase que se realice de forma alterna e, tamén, que as reunións se realicen nos dous centros. As reunións poderanse levar a cabo, se así se prevé na súa convocatoria, por videoconferencia, intentando manter a quenda nas convocatorias.

A convocatoria incluírá o lugar de reunión, a data e a hora da convocatoria, así como a orde do día. Deberá realizarse con 48 horas de antelación.

Para o funcionamento da comisión será preciso que estean presentes, polo menos, os decanos/as dos respectivos centros, ou persoa en quen deleguen, e un coordinador/a. A presidencia corresponderalle á decana/o convocadora, e as funcións de secretaría serán desempeñadas pola/o PDI do seu centro que determine a presidenta/e. Redactarase a acta das reunións e gardarase, logo de aprobala e asinala por duplicado, nos dous centros.

Os acordos adoptaranse de común acordo e por consenso, tendo en conta o disposto na memoria do título, na normativa de docencia e de calidade.

A comisión poderá delegar o exercicio das concretas competencias que se determinen nos dous coordinadores/as de grao conxuntamente, que actuarán de común acordo.

Artigo 3. Competencias

A Comisión de Coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que van xurdindo en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros, e, logo do acordo entre as decanas/os, outros asuntos nos que a coordinación poida ser conveniente.

Disposición final

A presente normativa entrará en vigor unha vez aprobada polas respectivas xuntas de facultade e tras o informe favorable das comisións de calidade.

Normativa de composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo

O Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo é unha titulación adscrita a dous centros da Universidade de Vigo: a Facultade de Dereito de Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo. Así mesmo, colaboran na impartición da citada titulación os ilustres colexios de avogados de Ourense, Pontevedra e Vigo.

En atención á normativa vixente, os centros deben cumprir cun estrito sistema de garantía interno de calidade (SGIC) dos que son responsables. Toda vez que a impartición do mestrado se realice coa colaboración de cinco institucións, é necesario crear unha comisión de coordinación onde estean representadas todas elas. Esta comisión ten como obxectivo prioritario avaliar, supervisar e adoptar decisións conxuntas en relación co cumprimento do SGIC no citado título.

Artigo 1. Composición da Comisión de Coordinación

Compoñen a Comisión de Coordinación as persoas que exerzan as funcións de decana/o da Facultade de Dereito de Ourense e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo; as que exerzan as

tarefas de coordinación académica do mestrado; un/unha representante de cada un dos colexios profesionais; e as secretarias/os das respectivas comisións académicas.

O decano ou decana poderá delegar a asistencia a algunha comisión específica, e este feito constará na acta da devandita comisión, así como, no seu caso, as facultades que se delegan.

Ás reunións da comisión poderán asistir outras persoas que se considere, por común acordo, que poidan realizar achegas relevantes para os asuntos que se sometan á comisión.

Artigo 2. Convocatoria e funcionamento

A convocatoria da comisión corresponderalles ás decanas/os; procurarase que se realice de maneira alternativa e, tamén, que as reunións se realicen con alternancia na Facultade de Dereito de Ourense e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo. As reunións poderán realizarse, se así se prevé na súa convocatoria, por videoconferencia, intentando manter a quenda nas convocatorias.

A convocatoria incluírá o lugar de reunión, a data e a hora da convocatoria, así como a orde do día. Deberá realizarse con 48 horas de antelación. A segunda convocatoria poderá levarse a cabo cunha diferenza de trinta minutos respecto da primeira.

Para o funcionamento da comisión será preciso que estean presentes, polo menos, a metade dos membros e que haxa representantes dos dous centros aos que está adscrito o mestrado.

A presidencia da reunión corresponderalle á decana ou decano que a convocou, quen designará o membro do órgano que exercerá as funcións de secretaría. Redactarase a acta das reunións e gardarase, logo de aprobala e asinala, nos dous centros.

Os acordos adoptaranse de común acordo e por consenso.

Artigo 3. Competencias

A Comisión de Coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros para os efectos do SGIC.

ANEXO II. ÓRGANOS MIXTOS DE COORDINACIÓN PARA OS EFECTOS DA GARANTÍA DA CALIDADE DOS PROGRAMAS CONXUNTOS DE ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO

Normativa de composición e funcionamento da comisión de coordinación do Programa Conxunto de Estudos Oficiais ADE-Dereito

A coordinación do programa conxunto de estudos oficiais corresponde conxuntamente ás persoas coordinadoras dos graos en ADE e Dereito, salvo delegación das competencias polos decanos/as nun vicedecano/a por parte de cada centro

Non obstante, é preciso crear unha comisión de coordinación do programa conxunto de estudos oficiais (PCEO ADE-Dereito), co obxecto de avaliar e adoptar decisións conxuntas na organización e coordinación do PCEO

A presente normativa regula a composición, funcionamento e competencias da comisión

Artigo 1. Composición da comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

Compoñen a comisión de coordinación as persoas que exerzan as funcións de decano/a das facultades de Ciencias Empresariais e Turismo e de Dereito do Campus de Ourense e as responsables das tarefas de coordinación do PCEO.

A decana/o poderá delegar a asistencia a algunha reunión específica e este feito debe constar na acta da devandita reunión.

Ás reunións da comisión poderán asistir outras persoas que se considere, por común acordo, que poidan realizar achegas relevantes para os asuntos que se sometan á comisión.

Artigo 2. Convocatoria e funcionamento

Calquera dos decanos/as poderá convocar a comisión cando, ao seu xuízo, existan dificultades na coordinación do PCEO que o fagan preciso.

A convocatoria incluírá o lugar de reunión, a data e a hora da convocatoria, así como a orde do día. Deberá realizarse con 48 horas de antelación. A segunda convocatoria poderá realizarse cunha diferenza de trinta minutos respecto da primeira.

Para o funcionamento da comisión será preciso que estean presentes, polo menos, os decanos/as

dos respectivos centros, ou persoa en quen deleguen.

A presidencia corresponderalle ao decano/a do centro que convoque a reunión.

De todas as reunións redactarase a acta correspondente que se gardará nos dous centros tras ser aprobada e asinada.

Os acordos adoptaranse de común acordo e por consenso.

Artigo 3. Competencias

A comisión de coordinación poderá tratar calquera asunto que afecte a coordinación do PCEO. En todo caso, os órganos dos respectivos centros continuarán a exercer as competencias que lles atribúe a normativa universitaria.

Disposición final

A presente normativa entrará en vigor unha vez aprobada polas respectivas xuntas de facultade e tras o informe favorable das comisións de calidade.